

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

2177 *Real decreto 73/2016, do 19 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime de autoliquidación e pagamento da taxa do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas pola expedición de certificados ou documentos por instancia de parte, e polas inscricións e anotacións no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.*

A Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, a través do seu artigo 88, creou a taxa do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas pola expedición de certificados ou documentos por instancia de parte e polas inscricións e anotacións no Rexistro Oficial de Auditores de Contas. O número 7 do dito artigo 88 establece que as normas de liquidación e pagamento da citada taxa se determinarán regulamentariamente.

Este real decreto, en uso da dita autorización, dá cumprimento ao desenvolvemento regulamentario das normas de liquidación e pagamento, e completa a regulación da taxa, incrementando a seguridade xurídica dos seus destinatarios principais, as autoridades que deben aplicala e os suxeitos obrigados a satisfacela.

A taxa será obxecto de autoliquidación, de tal forma que os suxeitos pasivos deberán presentar unha declaración-liquidación e ingresar o importe da débeda tributaria correspondente. Establécese o prazo para a presentación da declaración-liquidación e o pagamento da débeda tributaria, que se deberá efectuar nas entidades colaboradoras na recadación, conforme o disposto a este respecto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo. Aplicarase en todo caso na xestión da taxa o previsto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en relación coas normas reguladoras das liquidacións tributarias, coa recadación, coa inspección dos tributos e coa revisión dos actos en vía administrativa.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de febreiro de 2016,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e réxime xurídico da taxa.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer o réxime de autoliquidación e pagamento da taxa do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas pola expedición de certificados ou documentos por instancia de parte, en relación coa información que consta no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, e polas inscricións e anotacións no mencionado rexistro oficial, prevista no artigo 88 da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas.

2. O réxime da taxa pola expedición de certificados ou documentos por instancia de parte e polas inscricións e anotacións no Rexistro Oficial de Auditores de Contas réxese polo establecido no artigo 88 da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, e polas normas deste real decreto en canto á súa liquidación e pagamento e, no non previsto nesta norma, polo previsto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos; na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria; na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, así como polas disposicións de desenvolvemento destas normas.

Artigo 2. *Autoliquidación.*

A taxa por expedición de certificados ou documentos por instancia de parte e polas inscricións e anotacións no Rexistro Oficial de Auditores de Conta será obxecto de autoliquidación.

Artigo 3. *Pagamento da taxa.*

1. O pagamento da taxa axustarase ao establecido nos artigos 17, 18 e 19 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. O pagamento realizarase mediante ingreso efectuado a favor do Tesouro Público a través da conta restrinxida para a recadación de taxas de organismos autónomos do Estado aberta na entidade de depósito autorizada.

3. O ingreso poderase realizar presencialmente ou por medios telemáticos. O seu importe e a data de realización deberanse acreditar mediante os documentos indicados no artigo 19.7 do Regulamento xeral de recadación.

Artigo 4. *Prazo de ingreso.*

1. O ingreso da taxa deberase realizar con carácter previo á presentación no Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas da solicitude de expedición de certificados ou documentos por instancia de parte, ou da comunicación por parte do interesado do acto inscribible no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

2. A falta de presentación do modelo de autoliquidación ou, de ser o caso, dos demais documentos previstos no artigo 3.3 impedirá a tramitación da solicitude de inscrición no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, da modificación de datos ou da expedición de certificados de inscrición no dito rexistro oficial.

Artigo 5. *Cambio de situación.*

O auditor de contas estará obrigado ao pagamento da taxa prevista no artigo 88.5.b) da Lei 22/2015, do 20 de xullo, cando solicite a modificación de calquera das situacións nas cales pode estar inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, conforme o disposto no artigo 27 do regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2011, do 1 de xullo, aprobado polo Real decreto 1517/2011, do 31 de outubro.

Artigo 6. *Modificación de datos de auditores de contas e sociedades de auditoría.*

1. O auditor de contas e a sociedade de auditoría estarán obrigados ao pagamento da taxa prevista nos artigos 88.5.c) e 88.5.e), respectivamente, da Lei 22/2015, do 20 de xullo, cando soliciten a modificación de calquera dos datos a que se fai referencia nos artigos 8.3 e 8.4, respectivamente, da dita lei.

2. O pagamento da taxa a que se refire este artigo deberase efectuar por cada solicitude de modificación de datos que se presente, con independencia do número de datos que se modifiquen.

Artigo 7. *Inscrición de sociedades de auditoría.*

A sociedade de auditoría estará obrigada ao pagamento da taxa prevista no artigo 88.5.d) da Lei 22/2015, do 20 de xullo, cando solicite a inscrición no Rexistro Oficial de Auditores de Contas. A sociedade de auditoría será a responsable de remitir na dita solicitude a documentación acreditativa dos requisitos exixidos aos socios e auditores designados pola sociedade para asinaren informes de auditoría no seu nome.

Artigo 8. *Emisión de certificados.*

A persoa física ou xurídica que lle solicite ao Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas a emisión de certificados de inscrición no Rexistro Oficial de Auditores de Contas estará obrigada ao pagamento da taxa prevista no artigo 88.5.f) da Lei 22/2015, do 20 de xullo, por cada un dos certificados diferentes que solicite, con independencia do número de datos que conteña cada un deles.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1, números 6, 11 e 13 da Constitución, os cales lle confiren ao Estado, respectivamente, as competencias exclusivas sobre a «lexislación mercantil», as «bases da ordenación do crédito, banca e seguros» e as «bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica».

Disposición derradeira segunda. *Habilitación.*

Facúltase o titular do Ministerio de Economía e Competitividade para adoptar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

No dito desenvolvemento determinaranse o modelo de autoliquidación e pagamento exixido en aplicación deste real decreto e as condicións para a presentación da autoliquidación e pagamento da taxa tanto en papel como por medios telemáticos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de febreiro de 2016.

FELIPE R.

O ministro de Economía e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO